



LUGO

N.º 4 / Xuño 2024

CONTIGO
LUGO

Un ano camiñando contigo

Cando o 28 de maio de 2023 nos apoiaches sabíamos que obtiñamos de ti algo tan valioso (ou máis) có teu voto: **a confianza**. É certo que naquel momento nos quedamos **ás portas de recuperar o goberno**, pero, lonxe de desanimarnos, o que fixemos ao longo destes 12 meses foi tentar **amosarche a diario o noso compromiso contigo**.

Fixémolo estando **sempre dispoñibles** para ti, coas nosas visitas ao teu barrio ou á túa parroquia, celebrando **reunións** de moi distinto tipo, reforzando a **nosa comunicación** contigo e, por suposto, tamén **intensificando o noso labor** no Concello. Así o demostran as 597 iniciativas, entre **proposicións, rogos e preguntas** que rexistramos a pleno ou a comisión, ás que hai que engadir as que realizamos a través dos medios de comunicación.

Froito desta activa tarefa presentamos hoxe este balance co **orgullo do moito acadado** e, sobre todo, coa **humildade de todo o que nos queda por facer**. A diferenza do que ocorre co PSOE e o BNG, que tiveron que presentar **cinco dimisións** para que a actual alcaldesa puidese ocupar a súa cadeira de mando, o noso compromiso contigo segue **firme coma o primeiro día, pero cun ano máis de experiencia á túa disposición**.

Seguro que nestes meses me tes escoitado dicir que **non aceptaría ningún cargo na Xunta** incompatible coa miña prioridade, que é a acción no Concello de Lugo. Aquí continúo porque creo no **valor da palabra e do compromiso** como unha forma de lealdade.

Elena Candia López
Voceira do PP no Concello de Lugo



O QUE CONSEGUIMOS
NO ÚLTIMO TRIMESTRE

DESMONTANDO
O PSOE E O BNG

ESTIVEMOS
CONTIGO

UN EQUIPO MÁIS
VIVO CA NUNCA

O QUE CONSEGUIMOS NO ÚLTIMO TRIMESTRE



Inauguración da nova residencia de maiores

Á espera de que o Concello emita licenza, nestes días entrará en funcionamento a nova residencia, con capacidade para unhas **120 persoas** e que foi construída na contorna do vello hospital. Esta dotación súmase ao **primeiro centro integral de saúde de Galicia** ou o **PAC** impulsados pola Xunta cun investimento global superior aos **30 millóns de euros**.

Solucións de aparcamento na Abella e farmacias



Para facerlles fronte aos problemas de mobilidade provocados polo goberno local, a Xunta ultima a construción dun **aparcadoiro disuasorio para 150 automóviles** na Avenida de Breogán. En paralelo, conseguimos o acordo pleno para crear **prazas reservadas de estacionamento** para **comprar medicamentos** na contorna das **farmacias**.



Campionato Mundial de Motocross en Lugo

Lugo acolleu por **primeira vez** esta competición internacional, na que participaron máis **dun cento de pilotos**, incluído o lugués Jorge Prado. Como subliñou Diego Muñoz, director da proba durante a presentación do Gran Premio de Galicia, **Elena Candia foi "a paixón e o motor"** que, co impulso da Xunta, permitiu celebrar este campionato aquí.



Visibilizar a necesidade de unir os paseos do Miño e o Rato



Organizamos unha andaina aberta á cidadanía para reclamar a **conexión dos dous parques** e para demandar un **plan integral de mantemento**: despois de 25 anos de gobernos socialistas e nacionalistas, non só non avanzaron nada neste enlace senón que nin sequera son quen de ter nunhas mínimas condicións os paseos periurbanos.



Impulsar a Ofrenda do Antigo Reino de Galicia como BIC

Sendo conscientes de que a **cultura** é un motor para o **emprego**, propuxemos no último pleno iniciar de xeito urxente a tramitación do recoñecemento de **Ben de Interese Cultural (BIC)** para a Ofrenda do Antigo Reino de Galicia, que suma un século de historia como un patrimonio inmaterial fundamental na nosa tradición.

Arranxo dos problemas de humidades da Catedral



Malia que as filtracións que afectan á Catedral se deben á **falta de mantemento do Concello** da propia rede municipal, a Xunta de Galicia é sensible a esta necesidade e investirá **413.000 euros** para corrixir a entrada de humidades. Sumado á recente restauración do claustro, suporá un investimento de **máis dun millón de euros** por parte da Xunta neste patrimonio.



DESMONTANDO O PSOE...

8 exemplos que avalan que estamos diante dun goberno que **non escoita** e que **bloquea** o presente e o futuro do Concello:

1. O **casco histórico** leva máis dun ano con **problemas** derivados dunhas obras nas que non se escoitou o tecido de comerciantes e de persoas veciñas. A **falta de control** municipal sobre esta intervención xerou varias prórrogas sen que se establecera ningunha **compensación** para os afectados.



2. O nomeamento dun Director de Urbanismo, cun soldo duns **74.000 euros**, lonxe de corrixir o problema coas **licenzas** agrávoa: no primeiro trimestre de 2024 resolvéronse **menos da metade** das que se tramitaran no mesmo período de 2023.

A **caza de bruxas** da actual alcaldesa cando era edil de Persoal provocou **novas sentenzas** que obrigan ao Concello a repoñer no seu posto á **xefa de Persoal** e a incluír no proceso para o acceso á **xefatura de Arquitectura** a unha profesional que fora vetada.

4. O deterioro das arcas municipais obriga ao Concello a pedir un **crédito de 13,5 millóns** para poder executar as obras e investimentos previstos para este ano. Segundo o prego de condicións, esta operación podería ter un **custo de ata 4,7 millóns de euros en intereses**.

A falta de xestión política levou á empresa que tiña adxudicada a **reparación de avarías de auga** as noites, as fins de semana e os festivos a **renunciar ao contrato**, incrementando así a presión sobre a brigada municipal, desbordada e infravalorada polo goberno.



12 parroquias tiñan bloqueado un investimento duns **178.000 euros** para recuperar elementos etnográficos (como fontes ou lavadoiros), para obras de eficiencia enerxética nos locais veciñais ou para crear parques infantís. A nosa presión, cos e as residentes, obrigou ao goberno a avanzar.

Un verán máis, seguiremos sen **praia fluvial**: o Concello quere instalar dúas ramplas nunha zona que a Unesco considera inadecuada e cuxa **seguridade** nos preocupa polas correntes e a escasa profundidade. A Xunta amosou a súa **total cooperación** autorizando esta solicitude municipal en 10 días.

A construción da **variante da LU-P-2901** á altura da parroquia de **San Vicente do Burgo** continúa sen avances malia a urxencia de garantir a seguridade tanto das persoas veciñas coma das que percorren o Camiño, quen comparten unha estreita estrada duns 4 metros de ancho cun intenso tráfico.

...E DESMONTANDO O BNG

O BNGponse **de perfil** nos temas relevantes para Lugo e en vez de centrarse no seu traballo de goberno, o que fai é **oposición**:



Pídelle á Xunta que abra os **aparcamentos** que dependen dela porque quere que a administración autonómica resolva o **problema que creou o goberno local** (a día de hoxe aínda non funciona a zona de estacionamento do Carme nin a do antigo hospital de Santa María).

1.



2. Négase a asumir o **auditorio de Magoi**, que a Xunta lle entregou ao Concello hai xa **catro anos**. En todo ese tempo o BNG non só non abriu esta dotación cultural, senón que tampouco aclarou que ten previsto para a xestión do edificio ou para a súa programación cultural.

Promove unha **caravana reivindicativa** para poñerlle deberes ao goberno central polo estado das estradas da provincia cando as **vías de acceso ás parroquias**, algunhas delas mesmo entradas principais, presentan un gran **deterioro** e unha **falta de mantemento** evidente.

3.



A principal acción que desenvolveu o voceiro do BNG durante a semana que ocupou a alcaldía mentres se daba no seo do PSdeG o debate de quen sucedería a Lara Méndez á fronte do Concello de Lugo foi colocar a **bandeira de Palestina** no balcón da casa consistorial.

O fracaso na **reestruturación das liñas de autobuses** provoca que os percorridos que antes se facían nun único traxecto agora **esixen un transbordo**, o que incrementa dun xeito ficticio e artificial o número de viaxes. Ademais, os vehículos híbridos non repostan con **gas líquido**.

5.



Sabías que as Caldas do Miño...?

- Cústanos uns **1096 €/día**
- Supoñen ao redor de **400 000 €/ano**
- Houbo días neste ano nos que **un baño** custou case **800 €**



ESTIVEMOS CONTIGO



Participamos nos Encontros promovidos pola **Asociación de Veciños de Augas Férreas**, un dos barrios máis novos do Concello, pero tamén dos máis activos e máis dinámicos. Con esta entidade colabora a Xunta de Galicia en iniciativas coma sesións de contacontos e outras actividades infantís.



A nosa voceira, Elena Candia, foi a pregoeira das festas de **San Isidro da Piringalla**, un barrio onde o asociacionismo é de vital importancia e no que queremos agradecer a unidade e a fortaleza sa que representa a Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva San Isidro Piringalla.



Trasladámoslles ás **entidades sociais** a nosa proposta de que os convenios que o Concello asina con elas contemplen un **anticipo económico** que lles achegue liquidez para a súa actividade.



Acudimos á homenaxe a **Xesús Alonso Montero** no IES Lucus Augusti, do que este expresidente da Real Academia Galega foi docente.



Reivindicamos xunto á **veciñanza de Nadela** o acendido dos farois da rotonda que conecta a N-6 coa A-6 e que dá acceso ao núcleo desta parroquia, ademais de confluir coa saída á LU-546. Fixémolo cunha concentración simbólica nocturna na que acendemos as lanternas dos móbiles ao pé da rotonda.



Continuamos co noso labor de escoita recollendo as propostas que nos queredes trasladar, coma nesta xuntanza que desenvolvemos na **parroquia de Santa Comba**. Temos moi claro que é imprescindible avanzar na dotación de servizos para o rural se queremos fixar poboación nel.



Participamos nos actos da **Semana Santa** deste 2024, no que a confraría do Bo Xesús celebrou os seus 75 anos.



Un equipo máis vivo ca nunca

135

persoas



sumáronse á familia que formamos o Partido Popular de Lugo nos últimos dous meses



Abrimos a toda a sociedade luguesa as portas da nosa sede para que visiten a exposición **'A Residencia, un barrio de futuro'**, na que pode apreciarse en primeira persoa a evolución desta revitalizada zona de Lugo.

Esta mostra é posible **grazas á veciñanza e tamén ao persoal do antigo complexo hospitalario**, quen nos cederon as súas imaxes para lembrarmos o dinámico pasado dun barrio que, logo do forte investimento da Xunta de Galicia, ten un presente blindado e que está chamado a ser un revulsivo no futuro do noso municipio.



Contigo Lugo faise grazas ás túas achegas

Praza Maior, 1

grupomlugo.pp@lugo.gal

618 626 902

@PPLugolocal

@PPConcelloLugo

@ppconcellolugo

@comunicacionpplugo

Produto feito con papel certificado